



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

**Presentación do *Atlas Lingüístico Galego*.  
*VI Léxico. Terra, plantas e árbores***

FRANCISCO FERNÁNDEZ REI

13 de abril de 2016

**Presentación do *Atlas Lingüístico Galego*.  
VI Léxico. Terra, plantas e árbores**

**Francisco Fernández Rei**

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

Sr. Reitor da Universidade de Santiago de Compostela,  
Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia,  
Sr. Presidente da Fundación Barrié,  
Sr. Director do Instituto da Lingua Galega,  
compañeiros do Instituto da Lingua,  
señoras e señores:

Para min é unha honra e un inmenso gozo presentar un novo volume do *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*, proxecto no que embarquei con Rosario Álvarez e Manuel González cando Constantino García e Antón Santamarina aparellaban o barco. Van xa 42 anos de longa e fértil travesía e aínda nos quedan illas onde fondear e portos onde atracar ou abarloar antes de arribar á nosa particular Ítaca, a edición de toda a serie do material léxico.

1. En 1990 publicouse o volume I do *ALGa*, que se presentou no Paraninfo da Universidade de Santiago cunha conferencia do madrileño Alonso Zamora Vicente, pioneiro no estudo dos fenómenos dialectais (fundamentalmente fonéticos) desde unha óptica global do territorio galego. Entre 1942 e 1945, cando era profesor da Universidade compostelá, Zamora Vicente fixo enquisas por toda Galicia, feito que, unido a datos que lle forneceron galegofalantes que tratou ou coñeceu en Santiago, permitiulle trazar unha rede de 119 puntos, desde Cedeira, na Capelada, á Gudiña, na Terra das Frieiras, na estrema coas Portelas de Zamora. Co devandito material redactou catro artigos de referencia, entre eles o da gheada e o do seseo.

A presentación dos volumes II, III e IV realizouse na sede da Fundación Barrié na Coruña e o V na sede da mesma Fundación en Vigo. A do VI faise de novo na Universidade de Santiago. Cando souben que o acto sería no Instituto da Lingua Galega, moito me alegrou, porque esta é a miña casa desde que me licencié, situada primeiro no soto da vella Facultade de Filoloxía na praza de Mazarelos e logo no andar 4º, e desde 1984 neste edificio renovado, onde viviron Rosalía e López Ferreiro. Aquí estiven sempre no mesmo cuarto e na mesma mesa, desde a que podo contemplar a fachada da Igrexa da Universidade cando ergo a cabeza. A casualidade quixo que se presente este volume cando Zamora Vicente cumpriría 100 anos, centenario que a Universidade Complutense vai celebrar o vindeiro luns con diversos actos, nun dos cales teño a honra de participar para falar do seu labor como precursor e esteo da dialectoloxía galega.

No 2003, coa publicación do volume IV *Tempo atmosférico e cronolóxico*, abríase unha nova xeira, tanto polo formato –sen dúbida máis manexable en comparación cos anteriores– coma polo contido; xa que era o primeiro dunha serie de 9 volumes para mostrar a variedade léxica e semántica do galego oral. Nese volume, no V *O ser humano (I)* e no que hoxe se presenta (así como nos que están en preparación) o etimólogo, o comparatista, o paremiólogo, o etnógrafo, o historiador, o sociolingüista e, sobre todo, o lexicógrafo e o codificador da lingua contan cunha ferramenta de traballo de grande utilidade.

2. O volume VI *Terra, plantas e árbores* ten o formato das entregas léxicas precedentes, pero cunha novidade formal no fondo do mapa, pois non é branco, senón marrón, no que se marca o relevo de todo o territorio lingüístico. O material cartografado, que trata cuestións relativas á terra como espazo natural e ás plantas e árbores, agrúpase en dous grandes apartados:

a) **Terra**, espazo físico non alterado polo ser humano, cos 116 primeiros mapas (1 a 96) con cuestións relativas ó monte, ó val, á auga e ás consecuencias da erosión desta e ó tipo de pedras e minerais.

b) **Plantas e árbores**, con 204 mapas (97 a 272) coas denominacións de plantas silvestres e arbustos, árbores silvestres e froiteiras, así coma os nomes dos seus froitos. Neste apartado dedícaselle unha particular atención ó léxico da castaña (22 mapas), pola grande importancia que tradicionalmente este froito tivo na economía galega, sobre todo nas comarcas orientais. Hoxe a castaña é un dos motores económicos do leste ourensán.

En xeral a unha cuestión única corresponde un único mapa, con univocidade entre un contido e o seu cartografado; pero ás veces a unha cuestión única correspóndenlle varios, para deste xeito resolver a dificultade de visualizar nun só mapa un inmenso quión de formas referidas ó mesmo contido. Procurouse sempre a exhaustividade na presentación das variantes rexistradas e, por esa razón, a información distribúese en dous ou máis mapas, que levan as letras a, b..., o que fai que, aínda que numerados figuran 272 (*magosto* é o derradeiro), o total sexa de 320.

Chegamos a cartografar ata oito mapas de significados para recoller as diferentes acepcións dunha voz léxica. É o caso de **fraga**, coa acepción de *bosque* do galego común, propia de falas da área mindoniense e de puntos alleos a esta área, a carón de acepcións moi diferentes, especialmente, no sur de Lugo e leste de Ourense, onde *fraga* é xeralmente unha *pena* ou *con* (a *rocha* do galego literario), ás veces unha ladeira pendente en rocha viva e mesmo pode ser un corremento de terra, a *freita* de falas orientais setentrionais.

Nalgún caso, despois de cartografar no principal e nos secundarios moitas variantes, redactouse un mapa de síntese, para evitar que a multiplicidade de formas faga perder de vista o agrupamento xeográfico das familias léxicas. É o caso da planta coñecida como **estalotes** ou **sanxoáns**, que nunhas semanas inzará as veigas, tan popular e con tantísimas denominacións.

O volume complétase cun **anexo de plantas** (e algunhas formas relativas a árbores e arbustos) con información que non figura nos mapas, por tratarse de interesante material que os informantes daban a maiores mentres se cubrían as preguntas do cuestionario. E a seguir aparecen dous índices, o dos mapas, con cadanseu título, e outro máis longo coas formas da lenda de cada carta, ordenadas alfabeticamente, con referencia ó mapa correspondente.

3. Como coordinador e principal responsable da redacción do volume quero deixar constancia do meu profundo agradecemento ós membros do ILG que colaboraron nos quince anos que durou a travesía deste volume: Raquel Alonso Parada, Irene Bravo Pérez, Ana García García, Carme Hermida Gulías, Rosa Mouzo Villar, Noa Pérez González, Xacinta Varela Martínez e M<sup>a</sup> Luísa Vázquez Freire. Moito tivemos que tecer e destecer ó informatizar o material e á hora de redactarmos mapas, lendas e apéndices e corrixirmos as probas.

O meu fondo agradecemento a Antón Santamarina, codirector do *ALGa* e amigo desde hai tantos anos, a quen tanto mareei cando andaba na procura do nome científico dalgunhas plantas ou na ordenación da súa lenda. E, sobre todo, pola axuda que nos prestou cando redactamos os mapas dos tipos de **enxerto**, tres cartas ben complexas cunha densa información nas notas. E tamén o meu agradecemento a Ernesto G. Seoane e Xulio Sousa, director e secretario do ILG respectivamente, polo moito que fixeron para que chegase a editarse este volume, nun momento en que estaba medio varada a publicación, aínda que nunca chegara a encallar nas pedras.

Quero rematar cunha lembranza e agradecemento para os centos de informantes do *ALGa*. Uns figuran con nomes e apelidos na introdución do volume I; outros, non, por seren informantes ocasionais anónimos ou por preferiren non dar datos persoais a descoñecidos naquel delicado momento político do traballo de campo. En Portugal houbera unha revolución o 25 de abril do 1974, en España o franquismo agonizaba e en Galicia o galego era un idioma publicamente proscrito e sen prestixio social para a gran maioría da xente que familiarmente o mantiña e o transmitía.

Moitos deses informantes, que traballaban case para sobrevivir, non entendían como tres mozos perdían o tempo pateando montes e corredoiras buscando xente coa que cubrir unhas “libretas” e á vez intentar facer gravacións da fala que decote usaban cos veciños e cos animais. Aínda así, acolléronnos sempre con xenerosidade e amabilidade e déronnos toda a información lingüística que procurabamos e ás veces moito máis ca iso. Deles aprendemos como falamos os galegos, pero tamén como somos e como vemos o mundo nós outros. Nalgúns casos recibimos excelentes leccións da recente historia social de Galicia, esa historia vivida que non aparece nos libros nin se trata nas cátedras universitarias.

A eses informantes, ós seus herdeiros e á sociedade que creou a nosa lingua, desde hai moitos anos o ILG está a devolverlles cartografado o inxente material do *ALGa*, elaborado do xeito máis científico e máis didáctico posible. Xa empezamos a devolve-lo nada máis recolle-lo, moito antes do comezo da súa publicación, porque ese material oral foi un dos soportes principais nos traballos de codificación morfolóxica e léxica realizados polo ILG a finais da década de 1970, traballos que foron a base da normativa vixente da lingua galega.

Moitas grazas.